

Exposición	Galicia-Sáhara. Vacacións en Paz.
Obxectivo	Sensibilización sobre o acollemento
Características	22 imaxes

DESCRICIÓN

Un equipo de reporteiros de Agareso seguiu en 2008 a estancia dun neno e unha nena saharauís en Sanxenxo, canda a súa familia galega, e acompañounos no seu regreso a casa dous meses despois. A través da serenidade de Salama e a espontaneidade de Jadidja, e exposición deixa ver que **os dous mundos están máis preto** do que poida parecer e que, un e outro, son lugares idóneos para vivir unha infancia feliz e plena.

A mostra do fotoxornalista Pelu Vidal foi financiada polo Concello de Sanxenxo coa intención de promover o programa [Vacacións en Paz](#) e sensibilizar a poboación galega sobre a importancia deste tipo de **iniciativas solidarias, coas que todo o mundo gaña**: as rapazas e rapaces e mais as familias de acollida. España é o destino preferente de miles de cativas e cativos que reciben así a aperta dun país onde as vacinas, os medicamentos, a tecnoloxía, o lecer, os alimentos e a auga forman parte da vida cotiá, pero que na súa realidade ao outro lado de fronteira escasean.



Imaxes da exposición

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Documental [‘De Sanxenxo ao Sáhara: Vacacións en Paz’](#)

Blog: [‘Agareso no Sáhara’](#)

CARACTERÍSTICAS

22 imaxes con pé de foto (en galego) + 1 panel de presentación

Fotografías en cor e b/n

Medidas: 60x90cm

Materiais: cartón-pluma

*Fóra de circulación (pendente de reimpresión)

Autoría: Pelu Vidal (fotos) / Natalia Puga e Lara Varela (textos)